

REFLEXIÓNS

A PRESENZA DO GALEGO NO ENSINO

Tendo en conta todo o escoitado e lido recentemente sobre o galego, especialmente da súa situación no ensino, sería ambicioso de máis tentarmos pola nosa parte respostar polo miúdo nestas liñas a todas e cada unha das afirmacións que a forza de seren

reiteradas, semellan ter acadado a categoría de verdades evidentes. Porén, desde o STEG queremos interpelar algunhas das ideas máis repetidas para promover unha reflexión crítica respecto ás mesmas, consecuentemente coa nosa responsabilidade como docentes.

Sobre o dereito das nais e dos pais a escoller a lingua de escolarización ou sobre a liberdade individual

A pesares de ser unha conquista histórica moi recente, non hai disenso social ao respecto: hai dereitos que son da infancia, por riba da opinión dos proxenitores. Ante a liberdade de nais e pais, está a liberdade das e dos menores, que é en grande medida unha liberdade en proxecto para á súa vida de adulto. Temos a obriga moral, como sociedade, de dotar de cantas máis ferramentas posibles ás e aos menores para que poidan escoller libremente de maiores que tipo de vida queren vivir. Isto supón que temos que darlle unha visión ampla, plural, variada... do mundo, en todos os aspectos da vida. A liberdade, exercida desde o descoñecemento, o prexuízo, o adoutramento, as visións parciais, non é liberdade real. Negarlle a aprendizaxe do galego en igualdade de condicións que o castelán, é privar aos menores da posibilidade de escoller libremente, na súa vida adulta, que lingua desexan empregar en cada momento. Dificilmente poderán falar a que non coñezan ben. É moi importante insistir na necesidade de condicións obxectivas para vivir libremente, para poder escoller, para exercer os nosos dereitos. Na actualidade, callou a idea de que os dereitos téñense se algunha lei chos recoñece. Un dos retos democráticos para o século XXI, cando xa temos leis que dá gusto lelas (e que custou tanto logralas), é conseguir que a medida dun dereito sexa a posibilidade real de exercelo para todo o mundo, non só que che recoñezan que o podes facer. Para poder falar en galego, hai que coñecelo, hai que ter o dereito a unha escolarización en galego e a unha sociedade normalizada lingüísticamente en todos os ámbitos da vida pública. Ningunha sociedade pode reivindicar o dereito ao descoñecemento da súa lingua, e moito menos o dereito ás nais e aos pais a decidilo para ás súas fillas e aos seus fillos.

Alén diso, entendemos que desde certos sectores estase a facer un uso paradoxal

do principio democrático da liberdade individual, mesturando os ámbitos de decisión pública e privada a conveniencia: aplícase ao tema da lingua de escolarización, pero non aos contidos das materias do currículo; deféndese a permanencia da relixión na escola, cando desde o STEG entendemos que non é o estado quen deba garantir a súa aprendizaxe...

Temos dereito, toda a sociedade galega ten dereito, a decidir que lingua se fala e se ensina nas escolas, que lingua se ensina ás novas xeracións. De igual xeito que o esforzo de educar ás novas xeracións se asume colectivamente, o ensino en galego debe ser asumido por toda a sociedade, non por nais e pais individualmente.

Sobre aquilo de que "están impondo o galego"

A idea do novo goberno de preguntar a nais e pais semella ir pola vía de visibilizar un aparente rexeitamento do galego, construído sobre a falsa disxuntiva de "escolle unha ou outra", ao servizo de demostrar a súa tese electoral de que o galego "se estaba a impor".

Se por impor entendemos que o galego está a desprazar ao castelán nalgún ámbito, e polo tanto o uso e a competencia lingüística en castelán corren perigo, só podemos negar a maior. Todos os informes e máis a realidade vivida día a día, desmenten esta teima. (Manía persecutoria, ten quen realmente pense que isto está a acontecer.)

Se por impor entendemos que alguén que estude en Galiza non quere estudar galego ou en galego pero ten que facelo... entón estase a impor o galego igual que se impón o castelán. E, como xa vimos dicindo, a escola é o lugar da posibilidade de realización dos dereitos, polo tanto é o instrumento imprescindíbel para a adquisición (non imposición) dos contidos formativos precisos, nos que se inclúen os

lingüísticos.

Vivir en comunidade significa unha chea de obrigas, a asunción de moitísimo normas que son o marco que garante o exercicio dos dereitos de todas as persoas desa comunidade: o meu dereito a expresarme en galego supón a necesidade para outras de coñecelo, e polo tanto, de estudalo.

Converter calquera obriga resultante de vivir en sociedade nunha imposición, levaríanos a tirar pola borda logros coma a "obriga" de ter vacacións nos contratos laborais, a obrigatoriedade da ESO, as 6 semanas obrigatorias do permiso maternal, etc, etc.

Sobre se "os rapaces galegofalantes non saben falar castelán"

Mesturar as linguas é un fenómeno común en calquera menor que sexa socializado en máis dunha, máis aínda cando son próximas como é no noso caso. Esta situación, evidente nos máis cativos, resólvese cos anos, quedando coa riqueza do plurilingüismo, algo case imposible de acadar na vida adulta. Hai que comentar que non se debe confundir a incomodidade ou as resistencias a cambiar de lingua en determinados contextos, co descoñecemento. (Se calquera de nós falase inglés coma fala castelán calquera alumna/o galegofalante, presumiríamos de bilingües!!). A fin e ao cabo, a lingua non se aprende só na escola, e é imposible subtraerse á castelanización de toda a sociedade galega. Máis aínda, podemos afirmar que, hoxe por hoxe en Galiza, só teñen posibilidades de seren bilingües aquelas nenas e aqueles nenos que teñen o galego como lingua materna. De aí a necesidade das medidas de promoción do uso do galego na escola co obxectivo de inverter o seu desuso na sociedade. E aínda así, a deficiente escolarización en galego fai que nin sequera este punto de partida (ser galego falante) garanta que o dominio do galego chegue a ser tan sequera igual ao do castelán.

Sobre a diferenza entre aprendizaxe e adquisición

Os estudos de numerosos lingüistas veñen de amosar que a **adquisición** dunha lingua, a diferenza da **aprendizaxe** que **non garante a capacidade para comunicarse con naturalidade e fluidez**, só é posible a través da inmersión lingüística e cultural. Lamentablemente, a sociedade galega está absoluta e indiscutiblemente inmersa nun entorno cultural e lingüístico de dominio aplastante do castelán. De aí que, as novas xeracións de galegas e galegos, especialmente das zonas urbanas e cada vez máis as do rural, non acaden a competencia lingüística en lingua galega, xa que no mellor dos casos **aprenden a nosa lingua, non a adquiren**. Esta perda é cada vez máis palpable na proliferación das Asociacións Culturais Galegas, onde centos de nenas e nenos, mulleres e homes adultos acoden para intentar recuperar a fala e os costumes que están a perder. Para adquirir unha lingua cómpre que haxa unha interacción significativa nesa lingua, é dicir, unha comunicación natural, na que os falantes se centran no feito comunicativo, non na forma (gramática, léxico,...) No eido educativo, isto tradúcese no chamado ensino por contidos **"que consiste no emprego dunha determinada lingua nas materias non lingüísticas co obxectivo de que os alumnos progresen no dominio dese idioma, ao mesmo tempo que aprenden os contidos da disciplina en cuestión"** (Bieito Silva Valdivia).

Sobre a utilidade do galego

O debate sobre a utilidade do galego só ten sentido no medio dunha sociedade, como mínimo "disfuncional" na relación coa lingua propia. O sueco, o danés, o húngaro, o holandés... son linguas que non serven precisamente para viaxar, pero non por iso se dá un proceso de substitución destas linguas polo, poñamos por caso, o inglés. Ao seren sociedades normalizadas lingüisticamente, unha sueca ou un danés, nin se cuestionan falarlle en sueco ou danés ás súas crianzas, por ben que falen inglés; en Galiza deuse e séguese a dar un fenómeno de substitución do galego polo castelán que non ten nada que ver coa "utilidade" da lingua, senón coa valoración social do galego. Por suposto, chegados a este argumento, temos que reivindicar a lusofonía como fonte de cultura que permite achegarnos a centos de millóns de persoas, e que nos dan acceso a aqueles recursos culturais que Galiza, polo seu desenvolvemento económico, semella estar moi lonxe de ser quen de producir. E tamén temos que lembrar aquilo de "eu fáloa porque si, porque me gusta, porque me peta e quero e dáme a gaña"

O galego únenos...

En contra da impresión que transmiten algún medios de comunicación, sobre a existencia de conflito lingüístico nas aulas, na rúa, ou no conxunto da sociedade, o día a día demóstranos que a cobertura mediática que se lle deu ao único colectivo que mantén estas teses non reflicte a realidade do país. Abonda con pensarmos en todas as asociacións que levan anos pulando pola defensa do noso idioma, especialmente no ensino que apenas teñen proxección mediática malia representaren a sectores moito máis amplos da sociedade. Facer da lingua unha arma política ou unha fonte de enfrontamento na sociedade galega é unha grave irresponsabilidade que non debe ser tolerada, a risco de sementarmos ventos que se leven por diante os principios da convivencia democrática.

Desde o STEG queremos denunciar o emprego fraudulento de principios como o bilingüismo por parte de colectivos que non fan absolutamente ningunha reivindicación a prol do galego en ámbitos como a sanidade, a xustiza, a empresa privada, os medios de comunicación..., nos que a infrarrepresentación do galego é evidente, amosando unha clara despreocupación pola desigualdade de condicións que din denunciar.

Sobre as medidas de fomento do galego

Hai quen entende que as medidas de discriminación positiva a prol do galego son discriminatorias para o castelán, como o feito de que se demande por parte das institucións o emprego preferente do galego na comunicación coa cidadanía. Quen así argumenta, adoita confundir o principio de igualdade coa igualdade de trato, independentemente das condicións de partida de todas e cada unha das situacións que se estean a analizar. Pretenden establecer leis que defenden como neutrais, ignorando que tratar de xeito igual ao que parte de condicións desiguais, é unha inxustiza encamiñada a perpetuar a

desigualdade. Quen confunde a xustiza coa aritmética renuncia a facer unha análise rigorosa da realidade, argumentando desde mundos ideais nos que as persoas non están condicionadas por experiencias anteriores, pola historia do país, polas súas vivencias, polos prexuízos sociais que fan que o emprego do galego sexa diglósico na nosa sociedade. A subrepresentación do galego en todos os ámbitos da esfera pública reflicte unha situación de desigualdade que é obriga dos poderes públicos afrontar. Esta desigualdade social, consecuencia do desprestixio do galego, impide a escolla libre dunha lingua ou outra, favorecendo claramente ao castelán.

O artigo 9.2 da Constitución Española establece, desde o principio de liberdade e igualdade, que **"corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas; remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de toda cidadanía na vida política, económica, cultural e social."**

É obriga, xa que logo, dos poderes públicos, establecer medidas de discriminación positiva a prol do galego, que serán, como todas as medidas deste tipo, de carácter temporal, ata que a consideración social do galego e a competencia lingüística da cidadanía en galego e en castelán sexan iguais, e podán, deste xeito, escoller en igualdade de condicións entre unha lingua e outra, condición indispensable para podermos falar de liberdade real.

